

# Creando empresas saudables



## Creación dunha contorna saudable de traballo

Partindo da situación actual atopámonos con que os accidentes e as baixas por incapacidade temporal (absentismo) aumentaron considerablemente nos últimos anos. Isto fai que diminúa a capacidade das nosas empresas para xerar produtos e servizos e por tanto diminúe a produtividade das mesmas. A riqueza dunha empresa depende da saúde dos seus traballadores, para iso é vital mellorar:

### Problema: Uso de recursos e ferramentas I

#### Causas:

1. Falta de recursos materiais e ferramentas para realizar correctamente o traballo
2. Repartición inadecuada de recursos materiais e ferramentas.
3. Mal funcionamento dos recursos materiais e ferramentas, falta de mantemento, desfaseamento dos equipos de traballo.

#### Consecuencias:

1. Incremento da carga de traballo para poder suplir as deficiencias nos equipos e medios materiais.
2. Percepción de favoritismos entre equipos e loita por obter os mellores recursos.
3. Tédio e desmotivación por falta de adecuación dos medios para realizar o traballo á situación do momento.

#### Medidas aplicables para conseguir unha contorna saudable:

1. Renovar os medios materiais e equipos de traballo con racionalidade dotando a cada equipo dos medios que necesita e axustalos ás súas capacidades e responsabilidades.
2. Formar aos grupos de traballo no uso e a responsabilidade no coidado dos seus equipos e medios materiais para que se familiaricen con eles, saquen o máximo rendemento e sexan responsables da súa Seguridade e Saúde Laboral e a dos seus compañeiros.
3. Redactar un plan de renovación e actualización dos equipos, e dalo a coñecer para que cada grupo de traballo teña presente o ciclo de renovación disposto e se axuste ao uso dos equipos.
4. Optimizar e controlar o uso dos recursos creando responsables de cada equipo e completar follas de control e mantemento dos mesmos.
5. Avaliar periodicamente o estado dos recursos e o seu uso nas distintas tarefas para executar.